

ELECCIÓN DE PRESIDENTE/A DO CLUB DE ATLETISMO MILLARAIO

A Xunta Directiva do Club de Atletismo MillaRaio, en reunión celebrada o día 29 de marzo de 2023, tomou o acordo de convocar as eleccións para cubrir o cargo de Presidente/a do club, segundo os seguintes criterios e convocatoria

CONVOCATORIA

Con esta data quedan convocadas as eleccións que terán lugar o **4 de maio de 2023** ás 18,00 h., no Pazo da Peregrina (Bertamiráns) – Sala de Exposicións (1º andar).

O cargo electo é o de Presidente/a por transcurso do prazo de catro anos desde que foi proclamada a actual Presidenta.

O devandito cargo será elixido entre os/as socios/as do Club.

As persoas candidatas, de acordo co artigo 45.3 da Ley 3/12 de 2 de Abril do deporte de Galicia “...no podrán formar parte de más de una junta directiva de clubes distintos que participen o tengan intereses en idéntica competición oficial”.

A elección realizarase por votación directa e secreta dos/as socios/as.

Terán dereito de sufraxio activo todos os/as socios/as.

Os **trámites** que se han seguir ata a celebración do acto electoral son os seguintes:

1º A convocatoria será anunciada con 30 días de antelación. A elección efectuarase o día sinalado (4 de maio de 2023) entre as 18:00 e as 20:00 h. en que se procederá ao peche das urnas e ao seu correspondente escrutinio.

E-Mail: millaraio@gmail.com

www.millaraio.es

Coa colaboración de:

Dentro dos cinco días seguintes á data da convocatoria electoral a secretaría encargárase de:

- Publicar na páxina web do MillaRaio e remitir por e-mail a convocatoria electoral na que deberán constar os seguintes extremos:

- a. Cargo obxecto de elección
 - b. Día e hora da celebración do acto electoral e a hora en que se pecharán as urnas para dar comezo ao escrutinio
- Expor, mediante listaxes que poderán ser consultadas cos membros da xunta directiva, a listaxe de socios e socias con dereito a voto.

2º As candidaturas deberán presentarse mediante e-mail á conta do club, millaraio@gmail.com, con 15 de días de antelación (ata o 19 de abril de 2023), cando menos, á data sinalada para o acto electoral. As candidaturas deberán presentarse posteriormente cunha declaración xurada de non incorrer na situación recollida no art. 45.3 da *Ley 3/2012 de 2 de abril del deporte de Galicia*, e co aval do 10% dos socios ou socias do club, entregándose a calquera membro da directiva.

3º Os/as socios/as que desexen formular reclamacións contra as listaxes de electores, haberán de presentalas dentro do prazo dos cinco días seguintes á súa exposición (do 10 ao 14 de abril de 2023).

4º A Xunta Directiva, no caso de existir reclamacións contra as listaxes de electores, resolverá sobre elas dentro dos tres días seguintes á expiración do prazo para formulalas (15 a 17 de abril de 2023). A súa contestación seralle notificada a cada reclamante dentro dos dous días seguintes (18 e 19 de abril de 2023).

5º A Xunta Directiva, ao día seguinte á finalización do prazo de presentación de candidaturas (20 de abril de 2023) proclamará como candidatos/as a quen reúnan os requisitos legais esixibles e no caso de concurrir unha única persoa, o Presidente saínte convocará Asemblea Xeral para a súa proclamación como novo/a Presidente/a electo/a, a celebrarse o día 4 de maio de 2023 ás 20:30 horas en primeira convocatoria, e ás 21:00 horas en segunda convocatoria.

6º A seguir, publicarao na web e comunicarao ás persoas interesadas.

7º Todos os prazos sinalados computaranse por días naturais.

E-Mail: millaraio@gmail.com

www.millaraio.es

Coa colaboración de:



8º Para o caso en que sexa precisa a celebración da elección, constituirase a mesa electoral. Esta mesa estará integrada polo secretario da Xunta Directiva como presidente, auxiliado como mínimo por dous membros máis da propia Xunta, como vogais, dos que o de menor antigüidade actuará como secretario/a. Cada candidato/a poderá, pola súa parte, designar de entre as persoas socias unha ou máis como interventores/as para que o/a representen nas operacións da elección.

9º Na mesa electoral deberá haber unha urna pechada que deixe unicamente unha abertura para depositar os votos.

10º Unha vez constituída a mesa electoral, o presidente indicará o comezo da votación e, á hora prevista para a súa finalización, pecharanse as portas e só poderán votar as persoas socias que xa estivesen no local. Os membros da mesa votarán en último lugar.

11º A elección terá de duración para o seu desenvolvemento o tempo fixado entre as 18:00 e as 20:00 h.

12º As papeletas de voto recollerán o nome de todas as persoas candidatas. Os/As electores/as poderán marcar a casa á beira do nome da persoa candidata escollida, ou ben non marcar ningunha casa, o cal representará un voto en branco.

13º Na sede en que se celebren as eleccións, a Xunta deberá dispor do número suficiente de papeletas.

14º Os/as votantes deberán acreditar ante a Mesa Electoral a súa identidade. A mesa comprobará a súa inclusión no censo de socios/as; o seu presidente pronunciará en voz alta o nome e os apelidos do/da votante e indicará que vota; de seguido, o presidente introducirá a papeleta na urna.

15º Logo de finalizar a votación, procederase ao escrutinio lendo en voz alta todas as papeletas.

Deberán ser declarados nulos totalmente aqueles votos que conteñan expresións alleas ao estrito contido da votación, ou marcas ou riscaduras distintas das previstas para optar por unha das candidaturas, e as que indiquen mais dunha persoa candidata, ou nomes de persoas que non concorran á elección.

E-Mail: millaraio@gmail.com

www.millaraio.es

Coa colaboración de:



Serán considerados votos en branco aqueles votos válidos que non indiquen o nome de ningunha persoa candidata.

16º Unha vez finalizado o escrutinio, se celebrará Asemblea Xeral de socios/as que se convocará previamente, en caso de concurrir mais dunha candidatura, para o día 4 de maio de 2023 ás 20:30 horas en primeira convocatoria, e 21:00 en segunda convocatoria, que proclamará electa á persoa candidata que obtivese o maior número de votos.

17º No prazo de cinco días dende a proclamación do Presidente/a, será comunicado ao Rexistro de Entidades Deportivas da Xunta.

Ames, a catro de abril de 2023

O Secretario



Torcuato Labella Lozano

E-Mail: millaraio@gmail.com

www.millaraio.es

Coa colaboración de:

